

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A creación en Ferrol dun Centro Tecnolóxico que investigue sobre enerxías mariñas e enerxía eólica *offshore*, promovido polas administracións públicas (Goberno de España, Xunta de Galicia, deputación e concello) xunto ás empresas do sector naval e enerxético de Galicia foi unha reivindicación expresada polos membros do Foro Enerxético de Galicia en setembro de 2019 despois de realizar unha análise das posibles localizacións, concluindo que Ferrol é o punto máis axeitado para esta infraestrutura debido a que xa existe unha infraestrutura como o edificio Centro de Investigación e Servizos da Cabana, que podería albergar inicialmente as actividades, sen precisar dun gasto elevado inmediato; que a comarca de Ferrolterra dispón dunha ampla liña de costa, polo que non se precisarían grandes desprazamentos para a reprodución das condicións reais de mareas, ondas, ventos e pola proximidade do Porto Exterior de Punta Langosteira, na Coruña; ademais de existir unha infraestrutura de investigación moi consolidada, como son as escolas de enxeñería de Esteiro, os graos universitarios e mestrados de enxeñería eléctrica, enxeñería industrial, enxeñería naval e enerxías renovables, que son referentes nacionais en docencia e a existencia dunha infraestrutura de referencia como o Canal de Experiencias Hidrodinámicas do Campus de Esteiro, así como o *know how* neste tipo de instalacións adquirido durante os últimos anos por parte das factorías de Navantia en Fene e Ferrol e a potente infraestrutura de empresas auxiliares, servizos de enxeñería e un sector empresarial centrado neste tipo de tecnoloxías.

O 22 de decembro de 2021 o alcalde de Ferrol, Ángel Mato, reuniuse coa directora xeral de Planificación Enerxética da Xunta de Galicia, Paula Uría, e coa directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN), Patricia Argurey, para presentarlle as conclusións do estudo promovido polo concello para a creación dun *hub* de eólica mariña na cidade; e na que se acordou traballar nunha folla de ruta en colaboración con empresas e elaborar un plan de incentivos e axudas, ademais de crear un centro de innovación e investigación no CIS da Cabana para avanzar en tecnoloxías relacionadas coa xeración eólica *offshore*, acordando aproveitar o impulso da eólica mariña en Ferrol para beneficio do sector industrial de Galicia; fixando unha nova reunión para xaneiro co fin de que a Xunta de Galicia presentase un documento coas liñas mestras do proxecto *hub*.



O 27 de xaneiro de 2022 na información aos medios que colga a Xunta sobre os acordos do Consello da Xunta de Galicia infórmase de que “este ano o Goberno galego prevé a posta en funcionamento dun polo de emprendemento no rural” no concello de Ferrol e nas declaracións feitas polo expresidente Feijóo despois da reunión do Goberno galego, avalaba este compromiso.

O 21 de decembro de 2022 a Comisión Europea aprobou o programa de Transición Xusta de España, que inclúe o Plan Territorial de Transición Xusta, coas tipoloxías de actuacións elixibles para executar os 868 millóns de euros (a Galicia correspóndenlle 111.380.018€), dos que o 96 % será xestionado polas comunidades autónomas. Entre os exemplos de actuacións que se van desenvolver en cada territorio acordado entre as distintas administracións, cítase como apoio á descarbonización da industria, entre outros, a creación dun polo de I+D en renovables mariñas e almacenamento.

O 4 de xaneiro deste ano, o Concello-Pleno do Concello de Ferrol, por instancia do seu alcalde, acordan unha declaración institucional en defensa da instalación en Ferrol do polo I+D en enerxías renovables, mariñas e almacenamento que se vai crear no marco do Fondo de Transición Xusta anunciado o 21 de decembro polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar inmediatamente a posta en marcha do polo de emprendemento de I+D en enerxías renovables e almacenamento en Ferrol, tal e como se tiña comprometido o expresidente Feijóo.

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/02/2023 13:13:05

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/02/2023 13:13:24

Martín Seco García na data 15/02/2023 13:13:35





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2023 13:23:35
Nº Rexistro: 49967
Data envío: 15/02/2023 13:23:35.078

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/02/2023 13:13:52

